O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2019 17:32:31
Nº Rexistro: 55982
Data envío: 18/09/2019 17:32:31.716

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2019 17:32:27

CSV: BOPGDSPGFq17g1UKS6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 46852**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa de dona Flora María Miranda Pena, sobre **“a dispoñibilidade dalgún plan concreto para gratificar dalgún modo as prazas de máis difícil cobertura, trala implantación do plan de mellora da Atención Primaria presentado pola Consellería de Sanidade”**, (publicada no BOPG número 441 do 6 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021 foi aprobado polo Consello da Xunta o 16 de maio de 2019 e conta cun orzamento específico que ascende a 102 M€ para o período 2019-2021.

Este plan está publicado da web da Consellería de Sanidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2019 17:32:23
Nº Rexistro: 55981
Data envío: 18/09/2019 17:32:23.653

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2019 17:32:19

CSV: BOPGDSPGFq17g1UKS6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2019 13:04:21
Nº Rexistro: 56110

Data envío: 20/09/2019 13:04:21.540

Data 20/09/2019 13:04

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 47100**, formulada polo Grupo Parlamentario polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación coa posición amosada polos colectivos e profesionais respecto das medidas anunciadas para reformular o modelo de Atención Primaria da saúde”**, (publicada no BOPG número 441, do 6 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021 foi aprobado polo Consello da Xunta o 16 de maio de 2019 e conta cun orzamento específico que ascende a 102 M€ para o período 2019-2021.

Este plan está publicado da web da Consellería de Sanidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2019 13:04:21
Nº Rexistro: 56110
Data envío: 20/09/2019 13:04:21.540

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2019 13:04:17

CSV: BOPGDSPGFq17g1UKS6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56057

Data envío: 19/09/2019 14:53:37.000

Data 19/09/2019 14:53

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 47116**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da inclusión dunha ambulancia de Soporte Vital Avanzado para a comarca do Salnés no concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario terrestre que se está a iniciar”**, (publicada no BOPG número 441, do 6 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Polo que se refire á demanda dunha ambulancia medicalizada no Consello da Xunta do 25 de abril de 2019 autorizouse a contratación do servizo de transporte sanitario terrestre urxente no que se incorporarán seis ambulancias de soporte vital avanzado (SVA), das que dúas son ambulancias de soporte vital avanzado medicalizado e as outras catro son ambulancias de soporte vital avanzado de enfermaría. Unha das novas ambulancias de SVA medicalizada terá a súa base na Comarca do Salnés.

O concurso está publicado na plataforma de contratación da Xunta de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56057
Data envío: 19/09/2019 14:53:37.000

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2019 14:53:33

CSV: BOPGDSPGFq17g1UKS6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2019 17:32:15
Nº Rexistro: 55980

Data envío: 18/09/2019 17:32:15.075

Data 18/09/2019 17:32

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 47285**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa de dona Flora María Miranda Pena, sobre **“as previsións do Sergas respecto da atención das demandas profesionais e laborais do persoal dos puntos de atención continuada”**, (publicada no BOPG número 444 do 13 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde (Sergas), e as organizacións sindicais CIG, CESM, O’Mega, CC.OO., UGT e CSIF e os representantes do comité de folga asinaron o 17 de xullo de 2019 un acordo polo que se procede a desconvocar a folga nos puntos de atención continuada (PAC)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2019 17:32:15
Nº Rexistro: 55980
Data envío: 18/09/2019 17:32:15.075

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2019 17:32:11

CSV: BOPGDSPGFq17g1UKS6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 47304**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “ **a valoración do Goberno galego referida á incidencia da aplicación do Plan de prevención da obesidade infantil en Galicia ou Plan Xermola**”, (publicada no BOPG número 444 do 13 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A prevalencia de obesidade na nosa Comunidade Autónoma é elevada e os obxectivos da Consellería de Sanidade coinciden coas liñas de acción que sinala a OMS para incluír a perspectiva de saúde dende o comezo da vida: educar para a saúde ás familias e a comunidade así como buscar cambios ambientais que reforcen as estratexias clínicas. Isto tradúcese en priorizar o contorno escolar como espazo saudable, proporcionar recursos e facilitar por medio de normativas os cambios de conduta necesarios para inverter a tendencia actual.

A valoración que facemos e que temos que seguir traballando na prevención da obesidade dende idades temperás.

O plan Xermola aprobouse en 2014, e temos que ter en conta que os resultados en obesidade, en canto a revertir a tendencia nunha poboación, deben esperarse a medio-longo prazo. Así foi contemplado no deseño de dito plan, polo que aos 4 anos da posta en marcha levouse a cabo unha revisión das actividades realizadas para valorar a súa idoneidade.

No plan de avaliación previsto estaba presente un informe de seguimento aos 4 anos da posta en marcha de todas as intervencións definitivas. Como xa se dixo, pasados estes



catro anos, redactouse un informe técnico cunha revisión das actividades realizadas e completadas segundo os ámbitos de actuación.

Levaremos a cabo medidas baseadas nas conclusións do Consello Europeo de xuño de 2017 para contribuír a inverter a tendencia actual do sobrepeso e da obesidade infantil.

Medidas como a continuidade e o desenvolvemento de programas integrais e comunitarios de promoción de saúde dende Atención Primaria, formación para os profesionais sanitarios, fomento da participación activa entre diferentes administracións, procura da intersectorialidade a través de diferentes intervencións e priorización da alfabetización en saúde para a nosa poboación están entre as priorizadas para os próximos 4 anos.

Tal e como se ven realizando dende o ano 2016, o proxecto Aliméntate ben (Plan Proxecta), que aglutina as iniciativas de diferentes áreas (Sanidade, Educación, Mar, Medio Rural...) xunto con a convocatoria bienal do Congreso Aliméntate ben, así como os programas da Subdirección Xeral para o Deporte (p. ex. plataforma DAFIS) representan a canle óptima para desenvolver os programas de Educación para a Saúde na escola.

Ao abeiro destes programas véñense realizando distintas actividades formativas e informativas para toda a Comunidade educativa, desenvólvense proxectos para todos os niveis educativos e trabállase nunha normativa capaz de regular a oferta alimentaria nos centros educativos en consonancia coas liñas de acción desenvolvidas pola AESAN para todas as CCAA. A continuidade e mellora destas medidas considerase prioritaria para a X lexislatura.

Reforzamos o uso de páxinas e aplicacións baseadas en Internet coa mellora da iniciativa de comunicación On-Line Xente con vida, que está presente en web, blogue, Facebook e Twitter, con información do estribo sobre alimentación saudable e actividade física. <https://xenteconvida.sergas.es/Paginas/Portada>

E reforzamos mediante a futura posta en marcha da plataforma web 'Xanela aberta á Familia' do proxecto Interreg RISCAR, con información destinada a apoiar e asesorar aos pais e nais na crianza infantil, onde a alimentación saudable e o fomento da actividade física terán un lugar destacable.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56056
Data envío: 19/09/2019 14:53:29.375



Así mesmo, a cidadanía dispón dun recurso de información sobre: Campañas, conferencias, xornadas, eventos, formación on-line, publicación, cursos presenciais nas diferentes localidades da Comunidade Autónoma entre outra información mediante o acceso á plataforma 'Escola Galega de Saúde para Cidadáns' <https://escolasaude.sergas.es/>.

E tanto a poboación xeral como as persoas profesionais e as empresas e provedores dispoñen de información de interese para o mantemento e a procura da saúde na páxina web da Consellería de Sanidade <https://www.sergas.es/Portada>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56056
Data envío: 19/09/2019 14:53:29.375

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2019 14:53:20

CSV: BOPGDSPGFq17g1UKS6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 47406**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa de dona Flora María Miranda Pena, sobre **“a dotación de material, formación e recursos humanos do Sergas para asumir a administración de coidados paliativos na Atención Primaria”**, (publicada no BOPG número 444 do 13 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Todos os pacientes que precisan de coidados paliativos son atendidos en función da necesidade. Para necesidades non complexas poden dispoñer dos recursos convencionais tanto de Atención Primaria como de Atención Hospitalaria e cando se trate de pacientes con necesidades de atención paliativa considerada complexa disporán dos profesionais de recursos específicos de coidados paliativos.

Desde o ano 2009 formouse persoal sanitario referente en coidados paliativos dotado das ferramentas necesarias para a prestación asistencial, e dicir de formación, achega de medicación sedativa para o final da vida e de dispositivos para administrala con confort como os infusores, que unicamente estaban dispoñibles no ámbito hospitalario.

Na nosa Comunidade existe unha rede de recursos na atención paliativa, unidades de coidados paliativos e unidades de hospitalización a domicilio, en todos os hospitais do Servizo Galego de Saúde.

O Servizo Galego de Saúde continúa a traballar a favor da atención paliativa dos galegos e galegas que o necesitan.



Actualmente dispoñemos de 15 unidades e 45 equipos e con elas cubrimos o 75% do territorio galego”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2019 17:32:05
Nº Rexistro: 55979
Data envío: 18/09/2019 17:32:05.388

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2019 17:31:43

CSV: BOPGDSPGFq17g1UKS6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55880

Data envío: 17/09/2019 15:10:00.170

Data 17/09/2019 15:09

RS/ml

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 47888** , formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Flora María Miranda Pena, sobre **“os plans do Goberno galego para optimizar o labor das enfermeiras especialistas en atención xinecolóxica e obstétrica na atención á saúde sexual e reprodutiva das mulleres”**, (publicada no BOPG número 450 , do 27 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro- xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Segundo os datos da OCDE, que a ratio de matronas en España sexa inferior á media dos países obedece ás diferencias organizativas e de xestión dos distintos sistemas sanitarios que non permiten unha extrapolación directa dos datos. Ademais de que no dato da OCDE está a contabilizar matronas en xeral, non exclusivas dos sistemas públicos de saúde.

É obxectivo do Servizo Galego de Saúde garantir a calidade asistencial na prestación dos servizos sanitarios a todas as mulleres independentemente do lugar onde residan.

Tendo en conta a utilidade dos distintos documentos como as guías técnicas asistenciais, os protocolos e os procesos asistenciais integrados para homoxeneizar a atención sanitaria e diminuír a inequidade que pode producir a variabilidade na práctica clínica, o Servizo Galego de Saúde publicará o `Proceso asistencial de





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55880
Data envío: 17/09/2019 15:10:00.170

consulta preconcepcional e de atención ao embarazo normal', que substitúe ás Guías Técnicas do 2008 de ambos procesos asistenciais.

Así mesmo, e seguindo as recomendacións das Estratexias de Atención ao Parto Normal e de Saúde Sexual e Reprodutiva do Sistema Nacional de Saúde, tamén seguimos traballando para mellorar a atención ao parto e nacemento, onde o papel da matrona é fundamental para lograr os obxectivos das mesmas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55880
Data envío: 17/09/2019 15:10:00.170

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2019 15:09:55

CSV: BOPGDSPGFq17g1UKS6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55872

Data envío: 17/09/2019 14:17:47.042

Data 17/09/2019 14:17

RS/ml

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 48184** , formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Flora María Miranda Pena, sobre “ **as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para supervisar a correcta dotación da ambulancia da rede de transporte sanitario urxente do 061 na comarca das Pontes, así como as condicións laborais dos seus profesionais**”, (publicada no BOPG número 455, do 3 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro- xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O seguimento do cumprimento do contrato que a empresa concesionaria do transporte urxente terrestre ten coa administración é realizado pola FPUSG 061, como órgano contratante do servizo.

A supervisión de dito cumprimento, así como da correcta dotación de material, estado do mesmo, estado do vehículo, uniformidade do persoal, etc; realizase diariamente nos vehículos que forman parte da rede de transporte sanitario urxente galega (RTSU). Calquera situación resultante de dita supervisión que necesite comunicación e corrección por parte da empresa é realizada de forma inmediata.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55872
Data envío: 17/09/2019 14:17:47.042

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2019 14:17:43

CSV: BOPGDSPGFq17g1UKS6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 48188**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“política que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coas subvencións destinadas ás asociacións de carácter sociosanitario que se encargan da atención a persoas drogodependentes e con trastornos aditivos”**, (publicada no BOPG número 455 do 3 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Dende o Servizo Galego de Saúde somos conscientes da importancia do control das subvencións outorgadas para que cumpran efectivamente o fin para o que son concedidas.

A análise minuciosa das xustificacións de gastos achegadas polas entidades é imprescindible para asegurar o bo uso das subvencións e, polo tanto, favorecer ás persoas que son atendidas por estas entidades garantindo o uso escrupuloso e axeitado dos fondos públicos.

Tras revisar a data das fiscalizacións de pago das subvencións concedidas a entidades sen ánimo e lucro que traballan no ámbito das adiccións en virtude de convenios suscritos co SERGAS dende 2010, non observamos un atraso significativo no momento no que ocorre a fiscalización do pago, acto que ten lugar tras a sinatura do convenio ou dictamen da resolución. Dita fiscalización adoita producirse na última semana de febreiro ou primeiras de marzo, de xeito acorde co tempo estimado para a tramitación administrativa destes acordos, de en torno a 75 días.

Con respecto ao tempo que transcorre dende que se presenta a documentación que se require para o pagamento e cando este é efectivo, existe unha variabilidade debida a diferentes factores, entre os que cabe destacar o volume de gastos presentados por parte da entidade, as características dos mesmos que condiciona unha maior ou menor axilidade na súa revisión, o período do ano no que se presente, a coincidencia temporal con outros pagamentos solicitados



por outras entidades, a necesidade de facer requirimentos de subsanación e a axilidade con que estes requirimentos son respondidos, e o propio procedemento de xestión que implica a diversos departamentos da Xunta de Galicia.

En todo caso, con recursos humanos e materiais dispoñibles, inténtase priorizar a tramitación destes expedientes para minimizar estes tempos, e apoialas con todos os recursos dispoñibles para resolver dúbidas e cooperar para buscar solucións a través das comisións de seguemento.

Este ano temos introducido cambios na documentación solicitada no inicio do proceso de tramitación que consideramos axilizarán o pagamento final das subvencións.

Todas as subvencións concedidas en materia de drogodependencias permiten imputar gastos nos que a entidade incorre para a realización da actividade dende o inicio do programa, independentemente da data na que se dicta resolución ou se asina o convenio de colaboración. Deste xeito ningún período de actividade queda exento de que os gastos que se produzan poidan ser considerados subvencionables.

Ademais de xeito inmediato trala sinatura do convenio de colaboración ou da resolución de concesión da axuda, a entidade pode solicitar o pagamento dunha contía en concepto de anticipo achegando unha memoria das actividades que teñen previsto desenvolver.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55889
Data envío: 17/09/2019 15:54:12.248

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2019 15:53:29

CSV: BOPGDSPGFq17g1UKS6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55871

Data envío: 17/09/2019 14:17:20.885

Data 17/09/2019 14:16

RS/ml

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 48687** , formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **as previsións do Goberno galego respecto do recoñecemento do xogo da billarda como modalidade deportiva** ”, (publicada no BOPG número 458 , do 9 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro- xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“No pasado mes de maio celebrouse no recinto feiral de Silleda a II Xornada de Xogos Tradicionais Galegos, unha iniciativa organizada polo departamento de deportes da Xunta de Galicia, denominada BBC -Billarda, Bolos e Chave- e que representan o auténtico tridente do deporte autóctono galego. Na programación deste ano participaron un total de 300 nenos e nenas procedentes de 13 centros educativos -CPI O Toural de Vilaboa (21), CEIP Coirón Dena de Meaño (35), CEIP Quintela de Redondela (16), CEIP Tirán de Moaña (14), CPR Abrente de Sanxenxo (25), CPR San José de Pontevedra (22), CEIP Ramón Valenzuela de Bandeira (19), CEIP Pérez Viondi da Estrada (57), CEIP Xeve de Pontevedra (16), CEIP Foxo da Estrada (11), CEIP Froebel de Pontevedra (15), CPR San Fermín de Caldas (25) e o CEIP Rocío de Vigo (20)-, e que se suman aos 500 rapaces e rapazas de 16 centros da pasada edición -o CEIP O Foxo, o CPR Nosa Señora Lourdes, o CEIP Pérez Viondi, o CEIP Silleda (A Estrada), o CEIP de Coirón-Dena, o CEIP Torre Illa (A Illa de Arousa), o CPR San José (Pontevedra), o CEIP Ramón Valenzuela (Silleda), o CEIP Sequelo (Marín), o CEIP Plurilingüe de Tirán (Moaña), o CEIP A Paz Tintureira (Vigo), o CEIP de Quintela (Redondela), o CPI de Toural (Vilaboa), o CPR San Fermín (Caldas de Reis), o CPR Abrente (Sanxenxo), o CEIP San Roque de Darbo (Cangas)-.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55871
Data envío: 17/09/2019 14:17:20.885

Finalizada a xornada deste ano, e como xa sucedera no 2018, debemos felicitarnos da destacable repercusión mediática que o evento alcanzou -e que mesmo neste ano contou coa cobertura do programa da Radio Galega 'Convivir deportivo' de Alfonso Pardo-, pero, sobre todo, hai que felicitarse tamén polo enorme éxito que, unha edición mais, estas tres modalidades tiveron entre os nosos escolares.

En total, entre 2018 e 2019, 800 nenos e nenas de diferentes centros educativos achegáronse aos deportes autóctonos grazas ao programa Xogade da Xunta de Galicia, cumpríndose así a máxima do programa que xunta toda a oferta deportiva e lúdica, escolar e federada, promovida pola Xunta de Galicia. Porque é obxectivo deste programa brindarles aos nosos escolares a posibilidade de practicar deporte e actividade física, fomentando e estendendo o deporte educativo e saudable a toda a sociedade dende as idades máis temperás.

Os xogos autóctonos contribúen á socialización dos nosos nenos e nenas, potencian a súa creatividade, precisan de movementos que desenvolven o esquema corporal, o equilibrio, a orientación..., están asociados á literatura de tradición oral, poden practicarse de forma espontánea, case sen necesidade de materiais e o que é tan ou máis importante, fomentan valores como a cooperación, o traballo en equipo, o xogo limpo, a resolución de conflitos, o respecto, o recoñecemento do esforzo como medio para acadar metas e a aceptación das regras establecidas.

O programa de divulgación e expansión destes xogos no ámbito educativo xa está en marcha. A Xunta de Galicia está a traballar nunha unidade didáctica para que todos os nenos e nenas dos centros educativos de Galicia poidan desfrutar dos xogos autóctonos e populares.

A idea é elaborar unha proposta didáctica para integrar os xogos autóctonos galegos na educación primaria. Esta proposta conta dentro da súa programación cun relatorio específico sobre a billarda que se centrará na presentación deste xogo, exposición teórica, progresión didáctica da billarda na educación primaria e práctica.





Ademais, tamén haberá outras unidades dedicadas aos bolos celtas, á chave e por último, o encontro escolar de xogos autóctonos que se pretende que chegue a todos os escolares de Galicia.

A través desta unidade didáctica impartida por profesionais de recoñecido prestixio no ámbito da pedagogía e na divulgación dos xogos autóctonos galegos, o mestre ou mestra dará a coñecer os xogos autóctonos no colexio, concretamente en 6º de educación primaria. Para isto contará coa unidade didáctica facilitada no curso que consta de 6 sesións a implementar no centro. O Servizo de Deportes contará con catro kits de xogos autóctonos que distribuirá a través das Agrupacións Deportivas Escolares. Estas agrupacións farán un reparto, de maneira rotatoria, entre os centros educativos participantes da súa zona. Cada kit está composto polo seguinte material:

- Xogo da billarda: 1 palán + 1 billarda
- Xogo dos bolos: 2 bolas + 20 bolos
- Xogo da chave: 1 chave con base + 6 pellos ou pesos

Todo este traballo obedece a un pulo decidido que a Xunta de Galicia está a dar ao deporte tradicional galego.

Un impulso referendado no Parlamento de Galicia e ratificado con actuacións como o convenio coa CRTVG que lle dará maior visibilidade ao deporte popular ademais do deporte feminino, base ou adaptado.

Días despois, a Agrupación Deportiva do Baixo Miño organizaba outra en Tomiño, e que contou coa participación de 7 Centros educativos que formaron 12 equipos de 10 xogadores e xogadoras cada un (en total 120 nenos e nenas de 6º curso de primaria), que competiron todos, por un sistema de rotación nas tres modalidades. Asemade, do 4 e 5 de xuño, tivo lugar no Parque da Avisoureira no Centro Cultural de Guláns unha nova xornada organizada esta vez pola Asociación Deportiva Escolar do Condado e da Pardanta –concello de Ponteareas-. Unha iniciativa na que se levaron a cabo un total de 14 xogos e na que se prevé a participación de máis de 715 nenos e nenas.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55871
Data envío: 17/09/2019 14:17:20.885

Pero o apoio da Secretaría Xeral para o Deporte ao deporte tradicional non se leva a cabo unicamente a través de xornadas de xogos populares. O art. 15 da nosa Lei do Deporte establece que “as administracións públicas de Galicia promoverán a recuperación, o mantemento, a práctica e o desenvolvemento dos deportes autóctonos, propios da Comunidade Autónoma, en colaboración coas entidades oficialmente recoñecidas neste ámbito”, e iso é o que está a facer a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Tres federacións deportivas galegas amparan o deporte popular de Galicia: federación galega de bolos, de chave e de petanca. Todas elas, aumentan o orzamento consignado respecto aos convenios de colaboración coa Secretaría Xeral para o Deporte neste 2019. En total falamos de 42.238 euros que representan un incremento do 9,8% con respecto ao consignado en 2018. Un empuxe económico que sustenta un espectro de licencias federativas que, neste 2019 é de 1.965 .

Respecto ao recoñecemento como modalidade deportiva da billarda, segundo a Lei 3/2912, do 2 de abril do deporte de Galicia, é competencia da Administración autonómica “recoñecer e cualificar novas modalidades e especialidades deportivas, así como establecer os criterios e requisitos para o seu recoñecemento”. Enténdese por modalidade deportiva o conxunto de prácticas e regras que conforman unha forma peculiar de práctica deportiva con carácter autónomo e diferenciado de calquera outra. A determinación dunha modalidade deportiva farase sobre a base das técnicas utilizadas para o exercicio, a destreza necesaria, a diferenciación con outras modalidades, a implantación e o nivel de práctica.

Para o recoñecemento dunha modalidade deportiva terase en conta, entre outros factores, a existencia desta no ámbito internacional, estatal e autonómico, a súa relevancia e especificidade, a práctica autóctona, o número de practicantes e a estrutura asociativa que a avale.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55871
Data envío: 17/09/2019 14:17:20.885

Coñecemos de boa man o incremento dos practicantes da billarda nos últimos anos e atendendo aos outros criterios que veño de nomear, o Partido Popular cre que é conveniente que a Secretaría Xeral para o Deporte -sempre claro está da man dos axentes e entidades concernidas-, estude a posibilidade de que esta disciplina sexa recoñecida como modalidade deportiva. Un trámite que nos consta que este departamento xa ten comenzado.

O obxectivo da Xunta de Galicia é recoñecer todas aquelas modalidades deportivas que xunten os criterios suficientes para selo, como así o fixo no ano 2011 coa modalidade de baile deportivo. De feito, hai escasas semanas a Secretaría Xeral para o Deporte levou a cabo unha reunión cos principais clubs de baile deportivo de Galicia para comezar os trámites da creación da federación deportiva. Agardamos que coa billarda ocorra un proceso similar.

Desde a Xunta estamos convencidos de que da fortaleza xorde da unión. O noso deporte autóctono, como ben di a propia Lei do Deporte de Galicia, é un elemento integrante da nosa cultura, patrimonio cultural da Comunidade Autónoma. E cremos que a mellor actuación posible para a súa defensa, promoción e crecemento –para a súa maior implementación e xeneralización da práctica entre a poboación-, pasa por unir forzas e medrar xuntos, polo que a Xunta de Galicia pretende, conforme a normativa en vigor e promovendo no seu caso os cambios que foran pertinentes e de común acordo coas partes afectadas, propoñer a constitución dunha única federación galega de deportes autóctonos, que veña a xuntar e optimizar os comúns intereses dos nosos deportes autóctonos. Contando coa colaboración e o pulo de todos, poderase establecer unhas bases mais sólidas de crecemento para as nosas modalidades deportivas como ocorre noutros casos doutras comunidades autónomas: Federación de Castilla y León de Deportes Autóctonos, Federación Aragonesa de Deportes Tradicionales, Fed. Juegos y Deportes Tradicionales Comunidad Valenciana.

CSV: BOPGDSPGFq17g1UKS6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55871
Data envío: 17/09/2019 14:17:20.885

De feito, o pasado 4 de xuño de 2019, o Grupo Parlamentario do Bloque Galego presentou no Parlamento de Galicia unha Proposición non de Lei sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co xogo da billarda. O texto aprobado por unanimidade foi o seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Recoñecer a billarda como modalidade deportiva.
2. Abrir un proceso de diálogo coas entidades que traballan no eido dos deportes tradicionais para avaliar a posibilidade de crear una Federación Galega de Deportes Autóctonos.
3. Desenvolver un programa de divulgación e expansión da billarda no ámbito educativo e no conxunto da sociedade. Para tal fin, estender a toda Galicia o módulo creado pola Secretaría Xeral de Deportes (dentro do programa XOGADE), difundido pola Consellería de Educación no ámbito da Delegación de Pontevedra, de divulgación do xogo da billarda no ámbito escolar.
4. Fomentar e apoiar as competicións de billarda que se desenvolven en Galicia, así como o intercambio con outros países.
5. Incluír os espazos para o xogo da billarda no Plan de Infraestruturas Deportivas de Galiza.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55871
Data envío: 17/09/2019 14:17:20.885

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2019 14:17:00

CSV: BOPGDSPGFq17g1UKS6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56055

Data envío: 19/09/2019 14:53:16.000

Data 19/09/2019 14:52

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 49203**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns dos atrancos que está a poñer o Sergas para a construción canto antes do centro de saúde de Moaña”**, (publicada no BOPG número 466, do 24 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo Conselleiro de Sanidade á pregunta urxente en Pleno nº 48480, que tivo lugar o 9 de abril de 2019.

Pode consultarse esta intervención no seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-04-10?part=32243fc0-f87c-4367-8cb5-da29006fa5b4&start=7495.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-04-10?part=32243fc0-f87c-4367-8cb5-da29006fa5b4&start=7495)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56055
Data envío: 19/09/2019 14:53:16.000

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2019 14:52:58

CSV: BOPGDSPGFq17g1UKS6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2019 13:04:12
Nº Rexistro: 56109

Data envío: 20/09/2019 13:04:12.524

Data 20/09/2019 13:04

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 49638**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para recortar, na licitación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, a dotación de técnicos de emerxencias sanitarias das ambulancias de Soporte Vital Avanzado da Mariña e Monforte”**, (publicada no BOPG número 476, do 14 de maio de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 (en diante FPUSG-061) é o servizo encargado da atención ás urxencias e ás emerxencias extrahospitalarias na Comunidade Autónoma de Galicia. Na súa carta de servizos inclúe a prestación de asistencia e transporte sanitario mediante dispositivos da rede de transporte sanitario urxente de Galicia.

A xestión e coordinación da atención e transporte sanitario urxente de soporte vital básico e avanzado, tal e como se recolle nos seus Estatutos, é un dos fins da FPUSG-061, e ante a próxima finalización dos contratos do servizo de transporte sanitario urxente actualmente vixentes, con data 29 de abril de 2019 iniciou o expediente de contratación mediante 16 ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado (AA-SVA) con dúas versións, 12 AA-SVA con persoal facultativo e 4 AA-SVA con persoal de enfermería, ademais de 107 ambulancias asistenciais de soporte vital básico e 2 ambulancias non asistenciais ambulancias convencionais.

As AA-SVA con base no concello de Foz, Monforte e o Salnés forman parte dun novo modelo asistencial de atención ás urxencias e ás emerxencias que se está a implantar na

CSV: BOPGDSPGFq17g1UKS6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2019 13:04:12
Nº Rexistro: 56109
Data envío: 20/09/2019 13:04:12.524

Comunidade Autónoma de Galicia, que estarán dotadas cun médico, un enfermeiro e un técnico en emerxencias sanitarias.

